



Concello de Mugardos
(A Coruña)

6/2022. ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 27 DE ABRIL DE 2022.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Mugardos, sendo as dezanove horas e trinta minutos do día 27 de abril do ano dous mil vinte e dous, previa convocatoria e citación ó efecto, réunese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero, D. Iván Martínez González, Dna. María Dolores González Lorenzo, Dna. María Irene Toimil Fernández, D. José Ángel Martínez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández e D. Argemino Varela Filgueiras. Asiste tamén a interventora municipal Dna. Ana María Gómez Peña.

Actúa como secretario, D. Iago Manuel Bermejo Varga, Secretario do Concello de Ortigueira, A Coruña, autorizado ao desempeño do posto de Secretaría do Concello de Mugardos, en réxime de acumulación, mediante Resolución da Dirección Xeral de Administración Local de data 22.04.2022 (Expediente núm.: NACU-2022-015).

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA O DÍA 04.03.2022 (3/2022).

6 s: Polo sr. Alcalde dáse lectura á denominación do presente punto da orde do día e de seguido, dado que ningún concelleiro/a solicita a intervención no mesmo, somete o asunto a votación.

O Pleno da Corporación, por 12 votos a favor (5 PP, 3 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE, 1 BNG), e coa abstención do concelleiro D. Iván Martínez González, por non ter asistido á sesión, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:

- Acta da sesión extraordinaria urxente realizada o día 04.03.2022 (3/2022).

2.- ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA O CONCELLO DE MUGARDOS. EXP.36/2021

34 s: Polo sr. Alcalde dáse lectura á denominación do presente punto da orde do día e faise unha breve exposición sobre o contido da proposta que se somete ao





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Pleno. A continuación, o sr. Alcalde pregunta se algún grupo quere intervir e de seguido dá a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir neste primeiro turno de intervencións.

- 1º TURNO DE INTERVENCIÓNS

1 min 20 s: O sr. Martínez Bardanca adianta que votarán a favor da adxudicación do servizo, aínda que sinala que este modelo de prestación de servizos que se está a realizar vai cara a unha privatización do servizo, privatización coa que non están de acordo, e indica que cre que sería convinte facer un estudo sobre cal sería a forma axeitada de prestar este servizo e si queremos un modelo municipalizado ou externalizado.

2 min 23 s: Polo sr. Alcalde pregúntase se algún grupo municipal quere solicitar a apertura dun segundo turno de intervencións e dado que ningún grupo municipal solicita a apertura deste segundo turno somete o asunto a votación.

Tendo en conta os acordos adoptados pola Mesa de Contratación nas xuntanzas realizadas en datas 04.10.2021, 15.10.2021 e 02.12.2021, obrantes no expediente, contendo esta última proposta de adxudicación a favor do licitador PROTECCIÓN GERIÁTRICA 2005, S.L.

Téndose dado cumprimento, dentro do prazo establecido, ao requerimento efectuado ao licitador PROTECCIÓN GERIÁTRICA 2005, S.L., e unha vez presentada a documentación relacionada na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación.

Tendo en conta o informe de fiscalización emitido pola intervención municipal en data 31.03.2022, obrante no expediente da súa razón, e tendo en conta a necesidade de contratación do servizo epigrafiado, a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación o día 02.12.2021, e ser ésta a oferta máis ventaxosa para o Concello.

E unha vez rematadas as intervencións, o Concello Pleno, tendo en conta a proposta a proposta formulada pola concelleira delegada da área de benestar social e igualdade en data 31.03.2022, obrante no expediente, así como o ditame da comisión informativa de benestar social e igualdade realizada en data 07.04.2022, por 8 votos a favor (5 PP, 3 PSOE), 4 votos en contra (4 EU-SON EN COMÚN) e unha abstención (1 BNG), **ACORDA:**





Concello de Mugarodos
(A Coruña)

1º.- Declarar excluída as proposición presentada polo licitador OSVENTOS INNOVACIÓN ENSERVIZOS S.L. por non acreditar que a declaración responsable sexa de data igual ou anterior a datafinal de presentación de ofertas ao non figurar asinada dixitalmente.

2º.- Declarar excluídas as proposicións presentada polos licitadores SON A TÚA AXUDA, SENES CITS.L., Idade de Ouro, Servicios Sociosanitarios SL, CARFLOR, S.L. e SERVIZOS SOCIAIS ULLA SAR S.L. por non superar o umbral mínimo de puntuación, 22,5 puntos, establecido no punto 14.3 dospregos que rexen a contratación.

3º.- Adxudicar o servizo de AXUDA NO FOGAR PARA O CONCELLO DE MUGARDOS,a D. PROTECCIÓN GERIÁTRICA 2005, S.L., CIF. B53977013, no prezo desglosado quefigura a continuación:

1. PREZO:

- Modalidade libre concurrencia Prezo euros/horas días hábiles e sábados

- A) Precio sin I.V.E.: 20,00 €
- B) I.V.E. 10%: 2,00 €
- C) Total (A + B): 22,00 €

- Modalidade dependencia Prezo euros/horas días hábiles e sábados

- A) Precio sin I.V.E.: 20,00 €
- B) I.V.E. 4%: 0,80 €
- C) Total (A + B): 20,80 €

- Modalidade dependencia Prezo euros/horas domingos e festivos

- A) Precio sin I.V.E.: 23,01 €
- B) I.V.E. 4%: 0,92 €
- C) Total (A + B): 23,93 €


2. AXUDAS TÉCNICAS:

- Camas articuladas: 3 und.
- Grúas de mobilización: 3 und
- Colchones antiescaras: 6 und
- Sillas de rodas: 4 und
- Asentos de baño e ducha: 4 und

3. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

- Podoloxía: 10 und
- Perruquería: 10 und
- Fisioterapia: 10 und





Concello de Mugardos
(A Coruña)

4. LIMPEZAS DE CHOQUE: 5 und.

4º.- Aprobar o gasto con cargo á partida 231/22799 do orzamento vixente, prorrogado do 2020.

5º.- Nomear responsable do contrato a traballadora social, Dna. María Isabel Ríos Paz.

6º.- Notificar o presente acordo aos licitadores e publicalo simultaneamente no Perfil docontratante. Asimesmo, deberá publicarse no Perfil do contratante a formalización do contratocando ésta se produza.

7º.- Que se requira ao adxudicatario para a formalización do contrato administrativo que nonpoderá efectuarse antes de que transcorran quince (15) días hábiles, a contar do seguinte ao danotificación da presente adxudicación.

3.- ADHESIÓN Á REDE DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

2 min 45 s: Polo sr. Alcalde dáse lectura á denominación do presente punto da orde do día e faise unha breve exposición sobre o contido da proposta que se somete ao Pleno. A continuación, o sr. Alcalde pregunta se algún grupo quere intervir e de seguido dá a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir neste primeiro turno de intervencións.

- 1º TURNO DE INTERVENCIÓNS

3 min 17 s: O sr. Martínez Bardanca adianta que votarán a favor da adhesión á Rede de Dinamización Lingüística e sinala que a dinamización lingüística sempre fora algo importante para este Concello pero que nestes últimos anos non se lle deu moita visualización a este tema, e gustaríalle que se difundira máis todo o que sexa en relación coa dinamización lingüística.

4 min 38 s: Polo sr. Alcalde pregúntase se algún grupo municipal quere solicitar a apertura dun segundo turno de intervencións e dado que ningún grupo municipal solicita a apertura deste segundo turno somete o asunto a votación.

Rematadas as intervencións sométese o asunto a votación, e o Concello Pleno, tendo en conta o ditame da Comisión Informativa de Educación, Cultura, Turismo, Mocidade e Deportes realizada en data 17.03.2022, por unanimidade, **ACORDA:**

1.- Adhesión á Rede de dinamización Lingüística





Concello de Mugardos
(A Coruña)

2.- Designar como representante política que participara na Rede:

- Titular: Begoña Roldós Iglesias.
- Suplente: Ana M^a Varela Bastida

3.- Designar como representante técnica:

- Titular: Iolanda Gomis Parada Técnica de Normalización Lingüística Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol.
- Suplente: Manuel Polo Gundín.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE ACORDO SÁHARA OCCIDENTAL.

4 min 51 s: Polo sr. Alcalde dáse lectura á denominación do presente punto da orde do día e faise unha breve exposición sobre o contido da proposta que se somete ao Pleno. A continuación, o sr. Alcalde pregunta se algún grupo quere intervir e de seguido dá a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir neste primeiro turno de intervencións.

- 1º TURNO DE INTERVENCIÓNS

5 min 25 s: O sr. Martínez Bardanca pregunta se isto é unha moción ou unha declaración institucional do Concello.

6 min 07 s: A sra. Varela Bastida di que se trata dun acordo que remitiu o Fondo Galego de Solidariedade para adherirse ou non a el, e resalta que no derradeiro punto dos acordos xa se recolle que se dará traslado deste acordo ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, que a súa vez o fará chegar a Delegación Saharauí en Galicia e ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación do Goberno de España.

6 min 59 s: O sr. Martínez Bardanca di que dado que se trata dunha declaración institucional votarán a favor da súa aprobación.

7 min 09 s: Polo sr. Alcalde sométese o asunto a votación.

Rematadas as intervencións sométese o asunto a votación, e o Concello Pleno, tendo en conta o ditame da Comisión Informativa de Benestar Social e Igualdade realizada en data 07.04.2022 así como a proposta formulada, en data 21.04.2022, pola concelleira da área de Benestar Social e Igualdade, obrante no expediente, por unanimidade, **ACORDA:**





Concello de Mugardos
(A Coruña)

1. Amosar o seu respaldo ao Goberno da RASD e ao pobo saharauí, na defensa dunha saída dialogada ao conflito que supoña a posta en práctica do Plan de Arranxo subscrito en 1991 con mediación da ONU e da Organización para a Unidade Africana.
2. Instar ao Goberno Español a dar marcha atrás no seu recente cambio de postura e avalar o referendo de autodeterminación acordado por ambas as dúas partes, deixando de lado a pasividade no proceso para dar paso a unha aposta decidida por esta solución.
3. Reclamar o cesamento inmediato da violencia e da vulneración dos dereitos humanos que se produce nas zonas ocupadas, instando ás institucións internacionais a que adopten medidas fronte a impiedade coa que Marrocos continúa actuando no Sáhara Occidental.
4. Dar traslado deste acordo ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, que a súa vez o fará chegar a Delegación Saharauí en Galicia e ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación do Goberno de España.

5.- MOCIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE SOBRE A DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DAS ACTIVIDADES REALIZADAS POR DIVERSAS SOCIEDADES DO CONCELLO E INCORPORACIÓN, NA ORDENANZA FISCAL NUM. 1-I, DUNHA BONIFICACIÓN DO 95% A FAVOR DE INMOBLES NOS QUE SE DESENVOLVAN ACTIVIDADES DECLARADAS DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL.

Tras deliberación, sométese a votación a moción presentada polo voceiro do Grupo Municipal do PSOE sobre a declaración de especial interese ou utilidade pública municipal das actividades realizadas por diversas sociedades do Concello e incorporación, na ordenanza fiscal núm. 1-I, dunha bonificación do 95% a favor de inmobles nos que se desenvolvan actividades declaradas de especial interese ou utilidade municipal, coa emenda de modificación do primeiro punto dos acordos, introducida polos relatores da moción durante o debate, no sentido de que a aprobación da declaración de especial interese ou utilidade municipal das actividades realizadas polas sociedades se efectúe en sesión plenaria en lugar de que esta se efectúe na próxima sesión plenaria, e o Pleno da Corporación, por 8 votos a favor (5 PP, 3 PSOE) e 5 abstencións (4 EU-SON EN COMÚN, 1 BNG), acorda prestar aprobación á moción e, en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

- 1.- Instar ao goberno municipal para a súa aprobación en sesión plenaria a declaración de especial interese ou utilidade municipal das actividades realizadas polas sociedades enumeradas a continuación das que se adxunta solicitude.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Casino Mugardés, Sociedade Amigos da Paisaxe Galega, Casino Progreso de Franza, SCDR San Xoán de Piñeiro.

2.- Instar ao equipo de goberno a iniciar os trámites legais necesarios e oportunos para incorporar no artigo 3 da ordenanza FISCAL N° 1-I REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES un punto que desenvolva a bonificación do 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal de xeito urxente para que sexa de aplicación no ano 2023.

DELIBERACIÓN

7 min 23 s: Polo sr. Alcalde dáse lectura á denominación do presente punto da orde do día e de seguido dalle a palabra ao relator da moción.

- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

7 min 47 s: Polo sr. Martínez Bardanca faise unha exposición dos motivos que deron orixe á presentación da moción. De seguido di que se trata dunha moción na que no primeiro punto dos acordos propostos instase ao goberno municipal a que na vindeira sesión plenaria se aprrobe a declaración de especial interese ou utilidade municipal das actividades realizadas polas sociedades enumeradas a continuación das que se adxunta solicitude, e que son: Casino Mugardés, Sociedade Amigos da Paisaxe Galega, Casino Progreso de Franza e SCDR San Xoán de Piñeiro; e na que no segundo punto dos acordos instase ao equipo de goberno a iniciar os trámites legais necesarios e oportunos para incorporar no artigo 3 da ordenanza Fiscal núm. 1-I Reguladora do imposto sobre bens inmobles un punto que desenvolva a bonificación do 95% da cota íntegra do imposto a favor dos inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal de xeito urxente para que poida ser de aplicación no ano 2023. A continuación o sr. Martínez Bardanca di que xunto coa moción achégase a solicitude efectuada polo Casino Mugardés, Sociedade Amigos da Paisaxe Galega, Casino Progreso de Franza e SCDR San Xoán de Piñeiro, co que poderían comezarse os trámites para que no vindeiro Pleno poidan ser declaradas de especial interese.

11 min 10 s: O sr. Alcalde pregunta se algún grupo quere intervir e de seguido dá a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir neste primeiro turno de intervencións.





Concello de Mugardos
(A Coruña)


- 1º TURNO DE INTERVENCIÓNS

11 min 22 s: O sr. Varela Filgueiras di que a ordenanza municipal non contempla a bonificación que se está a pedir nesta moción e manifesta que ten certas dúbidas de que é o que se entende por actividades económicas. De seguido di que nas ordenanzas que teñen os Concellos da contorna hai unha certa disparidade, hai quen contempla a bonificación tal e como ben recollida na Lei de Facendas Locais, pasando por Concellos onde se incorporan inmobles onde se desenvolven actividades económicas do sector primario, e as que contemplan as bonificacións para tódalas asociacións e entidades sen ánimo de lucro. De seguido di que non se van a opoñer á aprobación da moción pero tamén entende que habería que cambiar un pouco o sentido e a redacción da mesma, dado que ao mellor sería bo incluír a todas aquelas entidades deportivas e sociais sen ánimo de lucro que realicen actividades de interese ou utilidade municipal e que sexan para o público en xeral, e para o cal podería ser preciso que estivesen incluídas no Rexistro de Entidades do Concello de Mugardos, que a actividade de interese municipal fose declarada polo Pleno e que sexan as propias entidades as que teñan que solicitar ou non esa bonificación. Xa para rematar di que primeiro teríase que aprobar a incorporación desa bonificación no IBI e a raíz diso que as entidades poidan solicitar esa bonificación.

14 min 27 s: O sr. Alcalde intervéñ para darlle a palabra ao sr. Mahía Prados.

14 min 29 s: O sr. Mahía Prados fai un resumo das propostas que fixeran cando eran oposición, no que atinxe á introducción de modificacións na ordenanza reguladora do imposto sobre bens inmobles e na concesión de subvencións na contribución para colectivos vulnerables, co fin de expoñer a súa postura neste tema, e que vai na liña do espírito da moción. De seguido, o sr. Mahía Prados fai un resumo da normativa pola que se regulan este tipo de cuestións, isto é, a Lei de Facendas Locais, a Ordenanza Municipal e a Lei de Mecenazgo. A continuación o sr. Mahía Prados plantexa as súas dúbidas ao respecto de si unha actividade dunha entidade cultural como un casino ou unha actividade deportiva pode considerarse como unha actividade económica, e que teñen a vontade de levar a cabo este tipo de cuestións pero que hai que buscarlles o seu encaixe legal. De seguido, o sr. Mahía Prados fai un resumo dos trámites que deberían realizar as entidades neste tipo de cuestións e que aparecen recollidos tanto na Lei de Facendas Locais como no Regulamento de aplicación do réxime fiscal de entidades sen fins de lucro, da Axencia Estatal de Administración Tributaria. Para rematar, e no referente ao segundo dos acordos propostos, o sr. Mahía Prados di que sendo coherentes co que xa propuxeran, querían incluír tódalas bonificacións do artigo 74 da Lei de Facendas Locais, e propón darlle traslado a secretaría tanto das propostas presentadas polo grupo municipal do Partido Popular no ano 2016, no referente á introducción das bonificacións previstas no artigo 74 da Lei de Facendas Locais, como da moción





Concello de Mugardos
(A Coruña)

e o escrito presentado xunto á mesma, co fin de poder establecer o procedemento a seguir.

25 min 48 s: Polo sr. Alcalde pregúntase se algún grupo municipal quere solicitar a apertura dun segundo turno de intervencións, dando de seguido a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir no segundo turno de intervencións.

- 2º TURNO DE INTERVENCIÓNS

25 min 59 s: O sr. Martínez Bardanca di que entende que as actividades realizadas polas entidades, e polas cales cobra, son actividades económicas, e que outra cousa diferente é que sexan con ou sen ánimo de lucro. A continuación di que o tema da exención e o tema da bonificación son dous temas que non teñen nada que ver, e que a solicitude de exención non vai pola canle do Concello, non é unha decisión política, pero que a bonificación si é unha decisión política e o Concello pode decidir se bonifica ou non o IBI, e que eles están a pedir unha bonificación. De seguido di que o documento que presentan xunto coa moción entenden que non supón unha solicitude formal das sociedades e que o procedemento a seguir deberá marcarse polo persoal municipal. A continuación, e respecto ás intervencións relativas a que esta cuestión fose aplicable a todo tipo de sociedades, di que eles están totalmente de acordo pero non o incluíron porque non ven recollido en ningún lado. De seguido, di que a moción a presentan neste momento porque as sociedades estano pasando mal co tema do covid, da inflación, etc, e que ademais si se quere que entre en vigor no ano 2023 habería que comezar coa tramitación. De seguido di que este tipo de bonificación estase a aplicar en Concellos gobernados por distintos partidos en Galicia e que polo tanto ten cabida legal. Continuando coa intervención, o sr. Martínez Bardanca di que a firma das sociedades e para facer constar que están de acordo co que dende o Partido Socialista se está pedindo. E xa para rematar di que a falta dun informe técnico neste momento non impide que se aprobe a moción si se está de acordo co que a moción reflicte, e que entende que a moción está baseada en bonificacións que se aplican en Concellos da nosa contorna e que as sociedades se estarían a beneficiar desa bonificación.

34 min 41 s: O sr. Alcalde di que este é un tema o suficientemente serio como para darlle un tratamento o suficientemente serio, e sinala que é imposible materialmente que cos prazos que hai se poida facer esta cuestión o mes que ven, e que outra cousa distinta sería comezar os trámites, cuestión esta última na que estaría de acordo completamente. De seguido di que é un tema moi complexo, tanto pola parte que toca ás facendas locais coma pola parte que toca ao mecenado, e non sabemos cal normativa é a que define mellor a cada cal e ademais despois cada unha das sociedades ten que facer uns trámites administrativos en facenda, manifestando que ten serias dúbidas de que non haxa que facer trámites previos en facenda e unha vez que estea completo expediente en facenda que sexa o Concello o que o complete





Concello de Mugardos
(A Coruña)

dando esa utilidade pública. A continuación, o sr. Alcalde di que pensa que o primeiro sería facer os informes xurídicos e os procedementos axeitados para poder aprobar despois esta cuestión e que outra banda, e xa a título persoal, discrepa de que estas actividades poidan ser consideradas actividades económicas, e ademais ten serias dúbidas legais de como tramitar estas cuestións, polo que o mellor sería ter primeiro os informes xurídicos, ver cal das opcións favorece máis ás sociedades e despois tomar as decisións políticas que correspondan; considerando, así mesmo, que o máis prudente sería levar este tema á comisión, encargar os informes xurídicos e ir abrindo o camiño para que poida ser efectivo no ano 2023, tendo en conta que hai dúas vías, a vía da utilidade pública pola corporación e a vía de facenda, que tamén ten moito que dicir neste tema. Xa para rematar, o sr. Alcalde propón que se retire a moción e se leve a comisión o antes posible e que poidamos encargar os informes xurídicos para que poidan ir a comisión, si é posible.

41 min 26 s: O sr. Martínez Bardanca di que é a terceira vez que traen unha moción e que lles piden que a retiren, cando nunca piden nada que sexa ilegal, e que o único que están a pedir, no punto dous dos acordos propostos, é iniciar os trámites legais necesarios e oportunos, co tempo que iso conleve, polo que di que neste punto nadie debería de ter problemas para poder votalo, e que no primeiro punto dos acordos propostos se insta a que o goberno municipal declare de interese a estas sociedades, polo que di que non sabe cal é o problema para que, seguindo o procedemento axeitado, se declare o interese das sociedades, máxime cando a maioría da actividade cultural do Concello se está a realizar nos casinos. De seguido o sr. Martínez Bardanca di que se queren quita o da vindeira sesión plenaria, e que o que está a pedir é que o Concello realice os trámites para a declaración destas sociedades de especial interese para o Concello de Mugardos, e que non sabe onde está o problema legal para votar o punto primeiro dos acordos e que lle gustaría saber cal é o problema cos dous puntos propostos. Para rematar di que non van a retirar a moción e que farían esa modificación si se quere.


45 min 47 s: O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra ao sr. Mahía Prados.

45 min 51 s: O sr. Mahía Prados di que na súa primeira intervención só dixo toda a normativa que existe. De seguido di que o relator da moción dixo que saben que o escrito presentado polas sociedades non é unha solicitude pero que a normativa vixente di que ten que haber unha solicitude previa do suxeito pasivo, e a continuación pregunta como iniciar un procedemento se non está presentada a solicitude.

47 min 08 s: O sr. Fernández Fernández di que o procedemento se iniciaría aprobando a moción e poñéndose a traballar.

47 min 22 s: O sr. Mahía Prados di que os dous acordos propostos na moción son dúas cousas diferentes, e que a principal dúbida é saber que é unha actividade





Concello de Mugardos
(A Coruña)

económica e que para iso necesito que o diga un técnico, e a continuación, o sr. Mahía Prados propón que se faga un modelo de solicitude dende o Concello.

49 min 16 s: O sr. Alcalde, co fin de darlle unha solución á problemática xurdida no presente punto da orde do día, e dado que se está de acordo co fondo da cuestión e coa vontade da mesma, di que si queren se vota a moción, que a votan a favor, e como saben o espírito da mesma comézanse os trámites, míranse os problemas que vaian xurdindo e así se camiña un pouco para intentar desenredar o asunto.

50 min 38 s: O sr. Mahía Prados pregunta ao grupo proponente da moción si lles parece ben que á vindeira comisión de facenda se leve nun lote a moción e tódalas propostas do Partido Popular neste asunto.

50 min 46 s: O sr. Alcalde di que o seu grupo daría o seu apoio á moción e se comezaría a tramitación e se vería cales son as canles xurídicas que hai que seguir.

51 min 05 s: O sr. Fernández Fernández di que eles cambiarían no primeiro punto dos acordos propostos a palabra próxima pola palabra en.

51 min 13 s: O sr. Alcalde di que se votará a moción tendo en conta cal foi o cambio introducido no primeiro punto dos acordos propostos, e de seguido somete o asunto a votación.

6.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA NÚMS. 2022-0337 E 2022-0359.

52 min 10 s: Polo sr. Alcalde dáse conta das resolucións da alcaldía números 2022-0337 e 2022-0359.

O Pleno da Corporación dáse por informado das resolucións da alcaldía que de seguido se indican:

▪ **Resolución da alcaldía núm. 2022-0337, de 12.04.2022,** sobre “Modificación da data e hora de celebración da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local que correspondería celebrar o día 13.04.2022”.

▪ **Resolución da alcaldía núm. 2022-0359, de 20.04.2022,** sobre “Delegación de funcións da alcaldía na 1ª tenente de alcalde o 22 de abril de 2022”.

7.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLAS/OS CONCELEIRAS/OS DELEGADAS/OS DENDE O ANTERIOR





Concello de Mugardos
(A Coruña)

PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓNS QUE VAN DENDE A NÚM. 2022-0279 Á 2022-0359, AMBAS INCLUSIVE.

52 min 19 s: Polo sr. Alcalde dáse conta das resolucións ditadas pola Alcaldía e polas/os concelleiras/os delegadas/os dende o anterior Pleno Ordinario, resolucións que van dende a número 2022-0279 á 2022-0359, ambas inclusive.

O Pleno da Corporación dáse por informado das resolucións núms. 2022-0279 á 2022-0359, ambas as dúas inclusive, ditadas pola alcaldía e polas/os concelleiras/os delegadas/os, dende o anterior pleno ordinario.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

52 min 30 s: Polo sr. Alcalde dáse comezo á quenda de rogos e preguntas; quenda que dará comezo coas preguntas formuladas polo sr. Varela Filgueiras.

52 min 59 s: Polo sr. Varela Filgueiras formúlase pregunta de resposta oral na que, en relación cos problemas xurdidos coa empresa adxudicataria das obras de “Reforma e ampliación da EIM As Lagoas”, pregunta si o goberno municipal para solucionar o problema vai a optar pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades diarias.

53 min 54 s: O sr. Alcalde di que non hai por que optar por unha delas e que por conseguinte se van a facer esas dúas actuacións e algunha máis, co fin de defender os intereses do Concello, e de seguido relata as actuacións que se van a levar a cabo a este respecto. De seguido. O sr. Alcalde dálle a palabra ao sr. Martínez Bardanca.

55 min 28 s: Polo sr. Martínez Bardanca, en relación ao proxecto da reforma do edificio do Mercado Municipal de Mugardos, pregunta se o goberno municipal ten pensado renunciar á realización da obra, dado que se concedeu unha subvención de 49.881 euros quedando sen financiamento 190.516 euros, ou en caso de non renunciar á execución da mesma como pensa financiar eses 190.000 euros.

56 min 57 s: O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra ao sr. Kuntz Peiteado.

57 min 00 s: O sr. Kuntz Peiteado di que xa se lle respostara ao sr. Fernández Fernández en comisión informativa e sinala que se lles daban dúas opcións, unha era quedar á espera de si se lles concedían máis cartos e outra era aceptar esa parte de subvención, e que tiñan aceptado a subvención e que nesta previsión se realizaría con fondos municipais.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

57 min 38 s: O sr. Alcalde fai un resumo das incidencias xurdidas durante a tramitación do expediente relativo ao proxecto do Mercado Municipal e sinala que o actual proxecto cumpre coa normativa básica e que agora si que hai garantía de que se poden licitar as obras. De seguido di que os fondos do GALP están sometidos a unha estratexia e son variables, e que son os fondos que quedaban na estratexia na que está incluído o Concello, e que podían optar por eses 49.000 euros que quedaban na estratexia ou esperar a ver si había un sobranse por baixas noutras cuestións, que non garantizaba que tivesen uns novos ingresos a maiores e que ademais podía supoñer a perda dos cartos existentes actualmente na estratexia; sinalando que finalmente decidiuse coller o que quedaba nesa estratexia. De seguido di que no proxecto de orzamentos municipais xa van os fondos do Mercado para paliar esa eventualidade, e que como non se sabe aínda se a subvención foi concedida meteuse nos orzamentos a totalidade do custo do Mercado Municipal.

1 h 03 min 16 s: O sr. Kuntz Peiteado aclara as medidas que non cumpría o primeiro proxecto redactado.

E non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Alcalde deu por rematada a sesión ás vinte horas e trinta e tres minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose a presente acta para constancia do acordado, e que asina o sr. Alcalde e da que eu, como Secretario Xeral do Pleno Municipal, dou fe; facéndose constar que as intervencións producidas durante a celebración da sesión quedaron recollidas nun documento (audio-acta) que forma parte da acta, no que á transcrición das intervencións se refire, e que se atopa custodiado no sistema informático do Concello de Mugardos, puidendo accederse ao mesmo a través da seguinte dirección de internet:

<https://actasesionesdigital.smartis.es/mugardos/visor.aspx?id=44>

Correspondendo ao seu contido o seguinte código de integridade (SHA-256):
70de3e8c52fb24ef4c9384ba0b2f1c4e633a4548e58291b865a856f9e04737f0

Vº e praxe
O ALCALDE

